

AS NOTICIAS DO CURSO NO NOSO XORNAL ESCOLAR



O DESPERTAR DE OUVIGO

FUNDADO EN 1994 POR ANTIGOS ALUMNOS DE 8º EXB

Número 4.-Setembro de 2001



NOTA DA DIRECCIÓN

Regresamos este ano co noso antigo xornal escolar, do que samente saíron en tempos tres números impresos, polo que tratamos de que este curso os nosos redactores colaboren máis a miudo.

O QUE ACONTECEU O PASADO CURSO

por Jordi Lama & Jesús Saa

-O equipo de xadrez dos Blancos gañou as suficientes partidas para acadar unha fantástica copa para tódolos xogadores.

-Un dos alumnos do CEIP dos Blancos foi ós campionatos galegos despois de clasificarse sétimo nos campionatos ourensáns.

ULTIMAS NOVIDADES

por Manuel Estévez & David Barrio

-No colexio están pintando as aulas de música e outros cursos. Agora os alumnos de segundo ciclo e terceiro ciclo de Primaria irán para esas novas aulas.

-Vai vir un neno novo ó colexio para 6º nivel.

-Manuel é o mellor futbolista do colexio e logo Jesús.

COLMOS

por Cristina Rodríguez

-¿Sabes cal é o colmo dun perruqueiro? Perde-lo tren polos pelos.

-¿Sabes cal é o colmo dun pasteiro? Ter unha filla que se chame Madalena.

-¿Sabes cal é o colmo dunha aspiradora? Ter alerxia ó po.

-¿Sabes cal é o colmo dun cazador? Pretender cazar á Osa Maior.

-¿Sabes cal é o colmo dun galo? Que se lle poña a carne de galiña.

ADEVIÑAS

por Paula Rodríguez

- 1.-De seis pombas que había nunha árbore, un cazador mata dúas. ¿Cantas quedan?
- 2.-¿Que é o que se necesita enteiro aínda que sobre?
- 3.-¿Qué é o primeiro que necesita un camión para poder arrancar?
- 4.-Nun automóbil, ¿cal é a roda que menos voltas dá na viaxe?
- 5.-¿A qué equivale camisa e media máis camisa e media?
- 6.-¿Qué se necesitaría para que cinco persoas non se mollaran cun só paraugas?

NOTA: Se queres saber as solucións, escribe ó noso e-mail dirixíndote a Paula Rodríguez.

CHISTES

por Bruno García, José Manuel Valencia, Luís Rodríguez, Jèssica e Selene Casas & Eva Gómez

- ¿Un chiste verde e rápido? Unha leituga en moto.
- Mamá, mamá, no colexio din que son despistado.-Anda, neno, vaite prá casa.
- ¿Por qué os de Lepe meten unha vaca na neveira? Para ter sempre leite enteira.
- Se un avión bate entre a fronteira de España e Francia, ¿onde se enterran ós supervivintes? Os supervivintes non se enterran.

RECORDA: Se queres pórte en contacto connosco envía unha mensaxe ó enderezo electrónico cpblancos@inicia.es

